

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE NOVEMBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 4 de novembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 31 de outubro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 2b e 4a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2c e 6b)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 5a e 6c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 8a, 9a, 9b, 10a, 10b e 11a)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6715-213) (emenda de documentación)

A secretaria le o nome do licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses mesmo. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de outubro de 2022, o 31 de outubro de 2022, concedeuse a VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En concreto, deberá presentar un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte III "Motivos de exclusión" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu ás preguntas "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social" e "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral".

Presentada a documentación correctamente en prazo o día 2 de novembro de 2022, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de outubro de 2022, concedeu aos seguintes licitadores un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal.

1. EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L.: En concreto e tendo en conta que presentou o Anexo III indicando que concorre con solvencia de un terceiro (ASOCIACIÓN VODEA) é necesario que
 - Presenten un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "*Baséase o operador económico na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección contemplados na parte IV e os criterios e normas (no seu caso) contemplados na parte V, máis abaixo?*" contesta que NON.
 - Presenten un DEUC cumprimentado e asinado dixitalmente pola devandita ASOCIACIÓN VODEA dacordo coa cláusula 14.2.A do PCAP.
2. AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA: En concreto presentar un novo Anexo II no que aclare se vai a subcontratar servidores xa que no Anexo II enviado faise referencia á posible subcontratación de servizos e non de servidores de datos. Asemade, si realmente hai intención de subcontratar estes servidores, habería que incluír con qué empresa se subcontratarán e a ubicación dos devanditos servidores tal é como establece o artigo 122.2 LCSP .

Notificada o requirimento o día 31 de outubro de 2022 e presentada a documentación correctamente en prazo por EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. , o día 3 de novembro de 2022, e por AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, o día 2 de novembro de 2022, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a ambos os dous licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1333-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 4. GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.
 5. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 6. NAROM, S.L.
 7. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
 8. VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 25 de outubro de 2022 de valoración do sobre A "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6715-213)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo (exento IVE)
1	VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.	46.500,00 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1333-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	73.176,35 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	72.182,36 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo sen IVE
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	63.630,92 €
4	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	73.365,68 €
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	72.576,80 €
6	NAROM, S.L.	74.162,45 €
7	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	68.474,63 €
8	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	72.505,80 €

Asiste á apertura: D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.5**-* , en representación de Federación Gallega de la Construcción

As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE	Maior experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao servizo	Maior formación en materia de Igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo
1	FUNDACIÓN ALDABA	30.800,00 € (extendo IVE)	56 meses	60 horas

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 20 de outubro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co AC CAMERFIRMA, S.A.

Durante o prazo concedido, a devandita licitadora presentou a documentación requirida da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 28 de outubro de 2022 a adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "(...) o licitador argumenta diversas razóns para xustificar o aforro de de custes e aporta detalle económico.

Analizada a documentación do prezo da oferta presentada por AC Camerfirma, S.A., conclúese que a xustificación é suficiente e conforme ao orzamento detallado."

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábles mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 28 de outubro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliáble mediante fórmula" coa proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 3 de novembro de 2022, sendo, este segundo informe, aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica o 28 de outubro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	96,37
2	IBERMATICA, S.A.	76,90
3	TRC INFORMATICA, S.L.	41,37

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. (A15474281), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntos totais
1	AC CAMERFIRMA S.A.	80
2	IVNOSYS SOLUCIONES, SLU	78,10

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AC CAMERFIRMA, S.A. (A82743287), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de outubro de 2022 concedeuse a BASTET INGENIERIA, S.L. un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal. En concreto, requíreselle a presentación dos Anexos IV e V do PCAP asinados dixitalmente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se poña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro e servizo do mantemento do sistema de xestión de presenza Visual Time:

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación de data 12/01/2022 co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Orde de inicio do expediente de 13/01/2022.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica..

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/07/2022, asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .

- Memoria económica do contrato de datas 23/05/2022 e 19/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 23/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 28/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/07/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 37.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 6.421,49 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Importe	IVE
2022	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	36.000,00 €	6.247,93 €



2022	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	500,00 €	86,78 €
2023	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	500,00 €	86,78 €
TOTAL			37.000,00 €	6.421,49 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L., polos seguintes motivos:

- 1. O licitador no punto 1 da súa oferta propón a substitución da actual sistema de control de presenza por outro diferente, HRLOG, aportando o licitador tanto o software como o parque de fichadores (dispositivos iPad) para despregar polos diferentes centros de traballo. Non se trata pois de unha oferta de mantemento do actual sistema de control de presenza polo que a oferta non se adecúa ó obxecto do contrato.*
- 2. Indica na proposición avaliable mediante xuízo de valor as horas de formación a impartir, sendo así que este é un criterio de adxudicación mediante fórmula.*

Non acada o umbral de puntuación mínima nos criterios avaliables mediante xuízo de valor.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (expediente 39066-220) na seguinte orde descendente:

- 1. BASTET INGENIERIA S.L.*

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, BASTET INGENIERIA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BASTET INGENIERIA, S.L., o día 11 de outubro de 2022, que presenta documentación o 24 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2022 analizada a documentación presentada por BASTET INGENIERIA, S.L. acorda darlle un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal. En concreto, requíreselle a presentación dos Anexos IV e V do PCAP asinados dixitalmente.

Quinto.- Realizada a notificación en data 27 de outubro de 2022, BASTET INGENIERIA, S.L. presenta a documentación requirida dentro do prazo asignado.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BASTET INGENIERIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BASTET INGENIERIA, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación en sesión de data 10 de outubro de 2022 que, comprobado que a única oferta admitida non contén valores anormais ou desproporcionados segundo o criterio da cláusula 18 do PCAP, acorda outorgar a BASTET INGENIERIA, S.L. a máxima puntuación (80 puntos) sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión de SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de outubro de 2022 por non acadar o umbral de puntuación mínima nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

2. Adxudicar a BASTET INGENIERIA, S.L. (B36921849) o procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220) coas seguintes condicións:
 - a) O prezo total do contrato é de 36.989,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.419,70 euros, coas seguintes condicións:
 - 1.000 euros corresponden á parte dos servizos de asistencia e asesoramento.
 - 35.989,70 euros corresponden á parte do subministro de licenzas.
 - b) Propón un aumento das horas de soporte ao/á usuario/a a maiores das 20 horas requiridas (punto 6 do PPT) de 20 horas.
 - c) Propón 4 sesións de formación con carácter anual e de forma gratuíta para o Concello, dunha hora cada unha delas, en materia de protección de datos.
 - d) Achega cursos online de formación a disposición dos/das usuarios/as do Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

b) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19077-101)

Retírase da orde do día este asunto.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 02:29	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4B-C72C32-E2E28D-A7DB5J-LXGBJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		